

5º BUDIÑO RAID

2019 TERRAS DO LOURO

SÁBADO 19 OUTUBRO

4ª PROBA da LIGA GALEGA DE RAIDS DE ORIENTACIÓN 2019

colaboran:



O Porriño
O Concello do Deporte



información:

www.fegado.es
www.aforna.org
www.tracktherace.com


organiza:



BOLETÍN 2

01 _ COMO CHEGAR e ZONA DE COMPETICIÓN

Os 2 Concellos polos que vai a discorrer o 5º BUDIÑORAIID 2019 están situados na **Comarca da Louriña (O Porriño e Mos)** e do **Baixo Miño (Tui)**, as dúas situadas mais o **Sur** da provincia de Pontevedra.



No **Concello de MOS**, concretamente no seu **PAZO**, van a ter lugar as seguintes fases do 5º BUDIÑORAIID:

- 1_ **SECRETARÍA técnica para a RECOLLIDA DE DOCUMENTACIÓN** para todas as categorías_ 07:15 a 08:45 horas.
- 2_ **Charla Técnica** previa á Saída para todas as categorías _ 08:45 a 09:15 horas.
- 3_ **Entrega de MAPAS** para todas as categorías_09:15 horas.
- 4_ **SAÍDA** do Raid para as categorías **Élite e Aventura**_ 09:30 horas

Cal é o mellor xeito de chegar ata o PAZO DE MOS?

Veñas do lugar de Galicia que veñas a mellor opción para chegar á zona de saída do Raid é a seguinte:

- 1_ **Autovía A-55, O Porriño – Ourense** , coller a **saída 306 (onde está o Leroy Merlin)**, cara a **N-550** dirección **Redondela**.
- 2_ Continuar pola **N-550** dirección **Redondela** uns **3 kms** ata o cruce coa **estrada Mos-Puxeiros** que enlaza á esquerda. Xusto ó xirar á esquerda, a **uns 500 m** xa se **atopa o Pazo** xunto a Igrexa Parroquial de Santa Eulalia de Mos, no Camiño Portugués a Santiago.



A Saída da Categoría Orienta-Raid vai a ser en outro lugar distinto o que se ven de indicar, e que se detallará no Pre-Breafing que se publicará o Xoves 17 de Outubro.

A Meta do Raid para todas as categorías estará situada en un lugar de Tui que se coñecerá o mesmo día da proba.

Dende o Martes 08 de Outubro, día de publicación do Boletín 2, queda terminantemente prohibido adestrar nas seguintes zonas por onde vai a discorrer o 5º BUDIÑORAID_ Terras do Louro 2019. **Todo equipo no que compita un corredor do que se teña constancia de que estivo adestrando na zona indicada a continuación será descualificado:**



02_ Horarios.

O 5° BUDIÑORAIID _Terras do Louro 2019 vai presentar os seguintes horarios:

DÍA	HORA	LUGAR	EVENTO
MARTES 15/10	23.59	www.Tracktherace.com	Peché Inscricións
MÉRCORES 16/10	22.00	www.fegado.es	Lista Equipos Inscritos
XOVES 17/10	22.00	www.fegado.es	Publicación Raid Books e Prebreafing
VENRES 18/10	20.00 – 23.00	Pavillón de Deportes Castro (a 500 m do Pazo, en Mos)	Acceso a Chan Duro
SÁBADO 19/10	07.15 – 08.45	PAZO de Mos	Recollida de Documentación todas as Categorías
SÁBADO 19/10	08.45 – 09.15	Praza do PAZO de Mos	Charla Técnica previa todas as Categorías
SÁBADO 19/10	09.15	Praza do PAZO de Mos	Entrega de Mapas todas as Categorías
SÁBADO 19/10	09:30	Praza do PAZO de Mos	SAÍDA cats. Élite e Aventura
SÁBADO 19/10	11:00	Lugar por confirmar no Concello do Porriño	SAÍDA cat. Orienta – Raid
SÁBADO 19/10	19:30	Lugar por confirmar no Concello do Tui	META todas as categorías
SÁBADO 19/10	20.30	Centro Interfederado de Piragüismo de Tui	ENTREGA DE PREMIOS
SÁBADO 19/10	20.45	Centro Interfederado de Piragüismo de Tui	APERITIVO POSTCARREIRA

FÓRA DE CONTROL:

Os equipos que entren fóra de control **perderán todos os puntos da sección** que estean disputando.

Considerase que un equipo entra fóra de control canto **teña superado o tempo efectivo de carreira** que teña para **entrar en meta**.

O tempo efectivo de carreira establece os seguintes horarios:

DIA	SAÍDA	META	CATEGORÍAS
SÁBADO 19/10	09:30	19:30	Élite e Aventura
SÁBADO 19/10	11:00	19:30	Orienta – Raid

As distintas neutralizacións do tempo de carreira non aumentarán en ningún caso o tempo efectivo da mesma, sendo as horas de peche de meta as indicadas no cadro anterior.

Poderá producirse aglomeración de equipos, e polo tanto neutralización dos tempos de carreira nos seguintes puntos do raid:

No 5° BUDIÑORAIID non vai haber neutralización algunha!

03_CATEGORÍAS, FORMATOS de EQUIPO e PARTICIPACIÓN.

A Proba vai incluír as seguintes categorías de competición baixo os seguintes formatos de equipo:

- **Élite**, Categoría Oficial obrigada con formato **3 compoñentes + asistencia**, 3 compoñentes sempre en competición e unha asistencia. Non se poderá relevar ós 3 compoñentes en carreira en ningún momento da proba. **Os equipos que non poidan dispoñer de asistencia o día do raid deberán notificarllo á propia organización para que esta asuma este papel.** Soamente se poderá asistir ó equipo nos puntos de Transición indicados a tal efecto.
- **Aventura**, Categoría Oficial obrigada con formato **2+1 reserva - asistencia**, 2 compoñentes sempre en competición e un posible reserva – asistencia, que poderá substituír ós seus compañeiros nos puntos indicados pola organización. **Os equipos que non poidan dispoñer de asistencia o día do raid (equipos pois de 2 corredores so) deberán notificarllo á propia organización para que esta asuma este papel.** Soamente se poderá asistir ó equipo nos puntos de Transición indicados a tal efecto.
- **Orienta – Raid:** Categoría non Oficial con formato **2+sen limites**, 2 compoñentes sempre en competición e sen límite de compoñentes reservas-asistencias, que poderán substituír ós seus compañeiros nos puntos indicados pola organización. **Os equipos que non poidan dispoñer de asistencia o día do raid (equipos pois de 2 corredores so) deberán notificarllo á propia organización para que esta asuma este papel.** Soamente se poderá asistir ó equipo nos puntos de Transición indicados a tal efecto.

Para poder participar no 5° BUDIÑORAIID _Terras do Louro 2019 será obrigatorio que **todos os participantes** teñan **18 anos cumpridos**, e deben estar en posesión da **licenza de Raids** da FEDO, ben na súa versión anual, ou ben tramitando a licenza de un día, con un custe esta de **2 €**

Para que un equipo poida puntuar para a **liga galega de raids de orientación 2019** todos os seus membros do deberán ter tramitada a **licenza anual de raids 2019 da FEDO**.

PROGRESIÓN EN SOLITARIO

“É aquela situación na que un competidor de un equipo avanza só polo terreo, co obxectivo de solventar ou sacar proveito de algunha circunstancia competitiva”

No 5° BUDIÑORAIID _Terras do Louro 2019 está **totalmente prohibido** que un corredor de un equipo progrese en solitario, a **excepción** da Proba Especial de **Orientación Específica** onde os compoñentes do equipo en carreira nese momento se poden separar para visitar cada un os puntos de control que desexen, e o **3° compoñente** dos equipos **élite no sector do Kaiak** que debe avanzar correndo pola beira mentres os outros dous reman.

O equipo que progrese en solitario será **descualificado**.

EQUIPO SEPARADO

“É aquela situación na que os compoñentes de un equipo teñan perdido o contacto visual directo entre si, e este contacto non se recupere de forma natural en menos de 1 minuto”

No 5° BUDIÑORAIID _Terras do Louro 2019 está **totalmente prohibido** que un equipo progrese separado.

O equipo que progrese separado será **sancionado**.

PUNTOS DE CONTROL DE PASO

Todos os puntos de control do **BUDIÑORAIID 2019** estarán equipados con un sistema **electrónico de control de paso** (e tamén pinza manual tradicional a empregar en caso de nun funcionamento da baliza electrónica) . **Todos os compoñentes do equipo**, que van levar unha tarxeta SI suxeita o antebrazo con unha pulseira inviolable (excepto os das categorías de Orienta-Raid, que levaran unha única pinza por equipo), **deberán “picar” o Punto de Control**, e **deberán facelo todos eles en un intervalo máximo de tempo de 1 minuto**. (salvo das balizas que se indicarán no sector de Kaiak e as da Proba Especial de Orientación Específica!)

Os propios competidores serán responsables de non romper o precinto inviolable, de limpar a tarxeta de control e comprobar que funcione correctamente antes do inicio do raid e en cada punto de descarga intermedio, de non extraviar a ou perdela, de mantela en boas condicións de uso, e de fichar correctamente en cada control.

Se en algún momento do Raid se percibe a rotura (parcial ou total) da pulseira que suxeita a pinza de control, este feito debe ser posto en coñecemento do persoal da organización que leva o cronometraxe para que esta sexa substituída o antes posible.

AXUDA EXTERNA

“Durante o desenrolo da competición, no percorrido da mesma, non se permitirá que interveñan outras persoas que non sexan os compoñentes dos equipos debidamente inscritos”

No 5º BUDIÑORAIID_Terras do Louro 2019 está totalmente prohibido proporcionar axuda ou dar instrucións ós competidores durante o percorrido, fóra dos puntos de Transición acoutados a tal efecto.

Toda axuda que se considere externa implicará a **descualificación** do equipo.

04_ DISTANCIA, SECCIÓNS e DURACIÓN.

O 5º BUDIÑORAIID_Terras do Louro 2019 vai a dividirse nos seguintes **sectores** de competición, e vai a realizarse baixo as seguintes **disciplinas** incorporando as seguintes **probos especies** para a **distancia aproximada** seguinte:

(as **distancias** exactas, os **mellores tempos e tempos intermedios estimados** para cada unha das categorías que se acaban de citar vanse a detallar no Boletín 3)

1_ Categorías Élite e Aventura:

SECTOR	DISCIPLINA	DISTANCIA aproximada	DESNIVEL + aprox.	DESNIVEL - aprox	MELLOR TEMPO estimado	TEMPO MEDIO estimado
S1	BTT	30 Km	Boletín 3	Boletín 3	Boletín 3	Boletín 3
S2	TREKKING + Proba ESPECIAL	9 km + 5 km	Boletín 3	Boletín 3	Boletín 3	Boletín 3
S3	BTT	22 Km	Boletín 3	Boletín 3	Boletín 3	Boletín 3
S4	KAIKAK	9 Km	Boletín 3	Boletín 3	Boletín 3	Boletín 3
S5	O-PÉ	5 Km	Boletín 3	Boletín 3	Boletín 3	Boletín 3
TOTAL		80 Km	Boletín 3	Boletín 3	Boletín 3	Boletín 3

2_ Categoría Orienta-Raid:

SECTOR	DISCIPLINA	DISTANCIA aproximada	DESNIVEL + aprox.	DESNIVEL - aprox	MELLOR TEMPO estimado	TEMPO MEDIO estimado
S1	TREKKING + Proba ESPECIAL	9 km + 5 km	Boletín 3	Boletín 3	Boletín 3	Boletín 3
S2	BTT	22 Km	Boletín 3	Boletín 3	Boletín 3	Boletín 3
S3	KAIKAK	9 Km	Boletín 3	Boletín 3	Boletín 3	Boletín 3
S4	O-PÉ	5 Km	Boletín 3	Boletín 3	Boletín 3	Boletín 3
TOTAL		50 Km	Boletín 3	Boletín 3	Boletín 3	Boletín 3

RAID LIÑAL

O BUDIÑORAIID 2019 vai ser un raid **liñal**, o que supón que todos os equipos están obrigados a **facen os sectores na orde indicada** xa que van a existir **varios puntos de Transición** entre eles e non todos van a estar situados no mesmo lugar.

SECTORES LIÑAIS/SCORE.

A pesares da orde xeral dos sectores no BUDIÑORAIID_Baixo Miño haberá **Sectores Liñais e Sectores Score**.

Un **Sector Liñal** é aquel no que os **PC's** (puntos de control) existentes no mesmo teñen que ser **visitados obrigatoriamente na orde establecida**. Isto non quere dicir que todos teñan que ser visitados, pódense descartar igualmente PC's en estes sectores, sen embargo a pesar de isto débese continuar a orde establecida. Por exemplo, debemos visitar o PC 1, a continuación o PC2, decidimos descartar e non visitar o PC3, pero a continuación obrigatoriamente nos temos que dirixir o PC4 (se non decidimos descartar este) para continuar co PC5, PC6, etc...

Un **Sector Score** é aquel no que os **PC's** existentes no mesmo poden ser **visitados na orde que decidamos**. Por exemplo, en primeiro lugar decidimos visitar o PC 6 porque está mais preto, a continuación o PC2 xa que continuamos correndo por terreo chan, a continuación decidimos descartar e non visitar o PC7 porque está en unha cota moi elevada, pero a continuación decidimos ir o PC1 para continuar co PC5, PC3, PC6, etc...

Un Sector Score pode ser realizado en modo liñal se así o decidimos, todos os controis picados serán válidos, e correcto o sector. Pola contra **se non realizamos un Sector Liñal na orde establecida**, ou sexa en Score, o **sector será incorrecto**, e **só se darán por válidos os puntos de control visitados en orde**.

RAID DE ESTRATEXIA

O BUDIÑORAIID 2019 vai ser un raid de **Estrategia**. **Non todos os equipos** que van participar van ser quen de **completar a totalidade** das distancias que se acaban de indicar na táboa anterior para cada sector no **tempo efectivo total de carreira**. Para non chegar **fora de control** vai haber pois que empregar a estratexia, xa que haberá que **deixar de visitar algúns puntos de control**, incluso dende os primeiros sectores xa. Debido a **importante variedade de tipos de terreo** polos que vai discorrer a proba, o que vai facer que a **dificultade física e técnica** para acadar cada punto de control sexa diferente en cada un deles, no Budiñoraid deste ano **cada punto de control** vai a ter **unha puntuación diferente**. Recordade que a **clasificación xeral final** vai a ter en conta en primeiro lugar a **puntuación total obtida** polo que ten unha enorme

SISTEMA Sport Ident.

O control de tempos e puntos de control do BUDIÑORAIID 2019 vaise realizar co sistema **Sporti Ident**. Debido a limitada capacidade das pinzas electrónicas de control e o maior número existente de Puntos de Control no Raid **vai haber 2 puntos de descarga de datos e limpeza de tarxetas intermedio.**

A organización do Raid establece os seguintes puntos de descarga intermedios:

1_ Élite e Aventura:

- 1_ Transición 1_ **O finalizar o Sector 1 de BTT.**
- 2_ Transición 2_ **O finalizar o Sector 2 de Trekking + Proba Especial.**

2_ Orienta-Raid :

- 1_ Transición 1_ **O finalizar o Sector 1 de Trekking + Proba Especial.**

No día da proba a organización pode axudar a identificar estes puntos , pero **é única e exclusiva responsabilidade dos equipos proceder a correcta picada da baliza final de sector, e/ou descarga e limpeza das súas tarxetas en estes puntos intermedios si procede.**

PROBA ESPECIAL

A única proba especial a realizar polos equipos no BUDIÑORAIID _Baixo Miño 2019 vaise atopar **no medio do 1º Sector de Trekking, alonxada do punto de Transición, polo que os equipos terán que portar consigo o material pertinente para realizar esta proba xa que este non será facilitado pola organización.**

Esta proba vai a consistir en unha Proba de Orientación específica a Pé, cuxo funcionamento se vai a explicar no próximo Boletín 3.

o6_ MEDIO AMBIENTE.

O BUDIÑORAIID _Terras do Louro 2019 vai discorrer na súa gran maioría por **espazos naturais**. Algúns de estes están catalogados como **L.I.C., Lugar de Interese Comunitario**, e protexidos polo tanto dentro dos **Espazos Naturais da Rede Natura 2000, ademais de transcorrer polo interior do Parque Natural do Monte Aloia**. Como en todas e cada unha das probas que se desenrolan na natureza estamos obrigados a **coidar e respectar** os lugares polos que pasamos. Prégase pois a todos os corredores que **non tiren ningún tipo de lixo, respecten os trazados existentes** en estes espazos naturais, e **non fagan ruído** durante a carreira.

Especial precaución deberedes ter no **segundo sector de BTT** (S3 para Élite e Aventura, e S2 para Orienta-Raid), xa que **está totalmente prohibido circular coas bicis fóra dos camiños existentes**. Este é un requirimento normativo tanto do Parque Natural do Monte Aloia como da Consellería de Medio Ambiente.

Os equipos que non respecten estas normas serán sancionados.

07_ ZONAS e ESTRADAS PROHIBIDAS e PASOS OBRIGADOS.

En zonas puntuais o Raid vai a discorrer por **zonas poboadas**, algunhas **zonas industriais** e lugares con numerosas e **importantes vías de comunicación** que hai que **atravesar** (Estradas Autonómicas, Autovías, Autopistas e Vías Férreas). **Co fin de atravesar estas infraestruturas en unhas condicións óptimas de seguridade a organización vai a dispoñer varios Pasos Obrigatorios, perfectamente indicados nos mapas de cada sector, polos cales os corredores deben cruzar en caso de que decidan visitar as balizas que se sitúen en esas zonas. Queda totalmente prohibido tanto circular como atravesar estas vías de comunicación, perfectamente identificadas nos mapas con un sombreado púrpura sólido.** Ademais vanse a sinalar como **zonas prohibidas** algunhas áreas onde o acceso e o tránsito non é posible. **Se algún equipo discorre por algunha de estas zonas prohibidas será descualificado.**

A organización, co fin de organizar o tráfico en estes puntos, vai a dispoñer **persoal do clube controlando** estes **pasos obrigatorios** e así como as **zonas prohibidas**, os cales ó mesmo tempo van a tomar nota dos equipos que atravesan cada paso en cada momento. **Os equipos que non crucen as estradas e vías ferroviarias por estes pasos obrigatorios e o fagan polas vías e/ou áreas prohibidas serán descualificados** xa que estarán incumprindo unha norma de seguridade.

Recordade que o sistema de seguimento GPS que se vai a utilizar para seguir ós equipos en tempo real é válido tamén para poder descualificar os equipos que incumpran estas medidas de seguridade.

08_ MATERIAL OBRIGADO e PROHIBIDO.

Os equipos deberán traer, e portar no seu caso, o resto de material obrigatorio do raid, tanto o xeral da proba como o específico para a proba especial.

No BUDIÑORAIID _Terras do Louro 2019 os **equipos**, para a súa seguridade, **deberán ter, e portar no seu caso, o seguinte material Obrigatorio:**

1_ Material Obrigatorio por Equipo sempre en carreira.

- **Compás** (brújula)
- **1 Teléfono Móbil** con batería, apagado e co PIN escrito no exterior
- **Botiquín de Emerxencia** con cando menos Esparadrapo (2,5m.), Venda (2,5m.), Compresas ou apósitos (5 ud), Antiséptico (50 ml.), Analxésicos (5 ud), Antiinflamatorios (5ud.)
- **GPS de Tracktherace** (facilitado pola organización)

2_ Material Obrigatorio por Corredor sempre en carreira.

- **Silbato**, e coñecer o código morse de S.O.S (... ---...)
- **Manta Térmica.**

- **Mochila .**
- **Recipiente para bebida (1 l.)**
- **Ración Enerxética (200 gr.)**

**3_ Material Obrigatorio por Equipo segundo o sector ou proba especial a disputar.
(non necesario se non se vai a facer a proba especial)**

- **Kaiak (uso obrigado do kaiak aportado pola organización)**
- **Kit de Ferramentas para BTT**

4_ Material Obrigatorio por Corredor segundo o sector ou proba especial a disputar.

- **BTT**
- **Casco BTT**
- **Luz Vermella traseira para BTT**
- **Pás Kaiak (aportadas pola organización ou propias)**
- **Chaleco Kaiak (uso obrigado do aportado pola organización)**
- **Compás (os corredores do equipo van a poder separarse para visitar os controis da proba especial, polo que será obrigado levar un compás por corredor se o van a facer así)**

5_ Material Aconsellable.

- **Guantes (para BTT)**
- **Cortaventos (dependendo do clima o día da proba)**
- **Chuvasqueiro (dependendo do clima o día da proba/kaiak)**
- **Camiseta Térmica (dependendo do clima o día da proba)**
- **Braga de colo (dependendo do clima o día da proba)**
- **Polainas (vexetacións silvícola nesta época)**
- **Manguitos (vexetacións silvícola nesta época)**
- **Porta - mapas estanco (Kaiak sobretudo)**
- **Porta - móbil estanco (Kaiak sobretudo)**
- **Porta - mapas BTT**

6_ Material Prohibido.

- **Calquera dispositivo GPS (a excepción do facilitado pola organización)**

CONTROL DE MATERIAL

A organización realizará un ou varios control sorpresa para comprobar se os equipos / corredores portan consigo este material obrigatorio.

SANCIÓNS

En caso de que non fose así aplicarase unha sanción de 3 ptos por cada elemento obrigatorio que non se porte.

Se o equipo é sancionado por non portar 3 ou mais elementos do Material Obrigatorio que se ven de indicar será descualificado.

09_ ORGANIZACIÓN E CONTACTO.

Este evento está organizado polo **BudiñoRAID**, a sección de Orientación da Asociación Deportiva A FORNA de Budiño, unha das 2 operativas en este momento. Esta asociación deportiva ten a súa sede no **Centro Cultural A FORNA de Budiño**, no concello de O Porriño.

Esta sección foi creada no ano 2012, ano no que empezou a competir en diversas probas do calendario galego da **Federación Galega de Orientación**, tanto en carreiras de Orientación a Pé, como en BTT ou en Raids de Orientación.

Co fin de expoñer toda a información, así como escoitar e tratar de clarexar calquera dúbida sobre esta proba a citada asociación vai a poñer ó voso dispor os seguintes medios de contacto:

- E-mail: budinhoraid@gmail.com
- Páxina en Facebook: https://www.facebook.com/BUDI%C3%91ORAIID_TerrasdoLouro-1626057347608405/?ref=bookmarks
- WEB da Asociación: <http://www.aforna.org>
- WEB da Fegado: <http://www.fegado.es>
- WEB de Tracktherace: <https://tracktherace.com>

10_ COLABORADORES e PATROCINADORES.

Na organización do BUDIÑORAIID 2019, Xunto co clube organizador, o Budiñoraid, colaboran as seguintes Administracións e Patrocinan as seguintes empresas:





O Porriño

O Concello do Deporte

